

## Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión ordinaria celebrada o 25 de xaneiro de 2022 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

### **1. Aprobación das actas das reunións anteriores.**

A Xunta de Escola aproba as actas da Xunta ordinaria de 21 de outubro e a extraordinaria de 18 de novembro de 2021.

### **2. Revisión do procedemento de valoración para os informes de tramos docentes.**

A Xunta de Escola aproba a eliminación da valoración como “moi favorable” nos informes de tramos docentes dos títulos da ETSE.

### **4. Aprobación dos informes de quinquenios**

A Xunta de Escola aproba 29 informes favorables, que xa foran previamente valorados polas comisións dos títulos onde se imparte a docencia.

### **5. Aprobación das propostas de límite de prazas para as titulacións de grao e máster para o curso 2022-23.**

A Xunta de Escola aproba os seguintes límites de prazas:

Grao en Enxeñaría Química: 60 ordinarias, 10 do curso ponte, 10 de intercambio (nacional/europeo) e 1 para estranxeiros.

Grao en Enxeñaría Informática: ampliación a 75 prazas. Está pendente de aprobación pola Xunta de Galicia.

Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas: 12 prazas.

Grao en Intelixencia Artificial: 50 prazas, mais 5 para traslados nacionais e 1 para estranxeiros.

Máster en Enxeñaría Ambiental: 30 prazas (25 de estudos europeos e 5 de estranxeiros), con 5 prazas para tempo parcial.

Máster en Big Data: 20 prazas (19 de espazo europeo, 1 non europeo, e 2 a tempo parcial).

Máster en Visión por Computador: 10 prazas (7 de espazo europeo, 3 non europeo, e 2 a tempo parcial).

Máster en Computacións de Altas prestacións: 7 prazas en semipresencial (4 europeas e 3 non europeas) e 5 prazas en modo presencial (2 europeas e 3 non europeas).

Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos: 25 prazas (13 para alumnado europeo e 12 para non europeo, 4 para tempo parcial).

Máster en Intelixencia Artificial: interuniversitario, 20 prazas por Universidade (15 para alumnado europeo e 5 non europeo, máximo 2 a tempo parcial).

## 6. Aprobación das propostas da Comisión de Igualdade

A Xunta de Escola aproba as seguintes propostas da Comisión de Igualdade:

- Deseño de turnos rotativos para as persoas externas convidadas no día da ETSE, acordándose a seguinte planificación para os vindeiros anos:

2022: Muller relacionada coa Enxeñaría Química

2023: Muller relacionada coa Enxeñaría Informática

2024: Home relacionado coa Enxeñaría Química

2025: Home relacionado coa Enxeñaría Informática

- Actividades relacionadas co TFG para trasladar ás comisións de TFG:

# Revisión de rúbricas para incorporar a perspectiva de xénero (linguaxe inclusivo, incorporación dos nomes propios nas referencias bibliográficas e visibilizar as achegas das mulleres)

# Garantir a presenza feminina nos tribunais.

## 7. Cambio de horarios do curso 2021-22.

A Xunta de Escola aproba os seguintes cambios nos horarios do curso 2021-22:

Grao en Enxeñaría Informática:

No 1º cuatrimestre, en 2º curso, intercambio dos grupos 2 e 4 de Sistemas Operativos I (G4 o luns, G2 o venres, intercambio de días/horas) para compatibilizar o Dobre Grao e evitar rotacións. No 3º curso os mércores se engaden 2h de Intelixencia Artificial (9 a 11h) e se cambia o horario de Computación Distribuída (11 a 12h) e Enxeñaría do Software, grupo 1(12 a 13h).

Faise intercambio de aulas en 3º: Martes pola tarde, Enxeñaría do Software G2 na I8, Teoría de Autómatas e Linguaxes Formais G1 e Administración de Sistemas e Redes G1 na aula I6. Enxeñaría do Software G2 adiántase para 15:30-18h por incompatibilidade do profesorado.

Creación de 4º grupo de prácticas en Teoría de Autómatas e Linguaxes Formais (luns de 12:30 a 14:30h, I8), Computación Distribuída. (martes de 11 a 14h, na A6), Intelixencia Artificial (venres de 15:30 a 18:30h, I8).

No 4º curso: Almacén e Minería de Datos terá as prácticas o mércores de 12 a 14:30h, a pedido do profesorado, na aula I8, e Compiladores e Intérpretes G2 pasa á aula I6 para evitar rotación. Sistemas Intelixentes pasa dos xoves 9-11:30h a martes 9-11:30h.

No 2º cuatrimestre, en 3º curso: Xestión de Proxectos Informáticos, clases os luns, xoves e venres de 16 a 18:30h, a pedido do Profesorado. Creación de 4º grupo de prácticas en Desenvolvemento de Aplicacións Web os xoves de 15:30 a 18:30h; en Compiladores e Intérpretes os mércores de 12 a 14h; e en Ciberseguridade os venres de 9 a 11:30h. En Aprendizaxe Automático, as prácticas serán luns de 11 a 13:30h (antes: xoves) a pedido do profesorado.

No Plan Vello: Enxeñaría de Computadores., as prácticas adiántanse 30 minutos: os martes de 12 a 14h, a pedido do profesorado, para evitar ocos no horario.

Grao en Enxeñaría Química: No 2º cuatrimestre, en 1º curso hai un intercambio de 2 días nas prácticas de laboratorio entre o grupo 1 e o grupo en inglés. En 2º curso cambio no horario de expositivas e seminario en Transmisión de Calor e Química Orgánica (grupos en inglés e español) para eliminar sesións de 2h os xoves en Transmisión de Calor, e que os seminarios de Transmisión de Calor e Química Orgánica coincidan cos Seminarios de español (mércores). Incorporáanse clases expositivas no luns para aliviar carga docente no xoves e venres. En 3º curso, as prácticas de Reactores Químicos pasan a 3 sesións de 2h en troca de 4 sesións de 1,5h, eliminando a semana de 21/02.

#### **8. Elección de representantes na Comisión de Biblioteca da ETSE.**

A Xunta de Escola aproba os seguintes cambios nos representantes da Comisión de Biblioteca da ETSE:

Polo Departamento de Enxeñaría Química: Profesores Pastora Bello Bugallo e Enrique Roca Bordello.

Polo Departamento de Electrónica e Computación: Prof. Pablo Quesada Barriuso.

O Prof. Ramón Méndez Pampín (emérito) deixa a pedido persoal o posto de vogal polo Departamento de Enxeñaría Química.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.